

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **21 de xullo de 2022**.

1. O Director informa dos seguintes puntos:
 - a. Que non se presentaron candidaturas para as eleccións á Dirección da ESEI, polo que o Reitor encargoulle que continúe durante 6 meses máis.
 - b. Que se constituíu o novo Consello de Goberno e o Director foi elixido polo sector de Directores e Decanos como membro do mesmo. Ademais, o Director tamén foi elixido para as seguintes comisións:
 - i. Comisión de Economía e Planificación,
 - ii. Comisión de Reclamacións de Prazas de profesorado contratado.
 - c. Que o número de alumnos e a nota de corte foron os seguintes:
 - i. No Grao en Enxeñaría Informática convocáronse a 169 alumnos e a nota do último alumno é 9,12. Este grao foi primeira opción para 79 alumnos. A lista de agarda é de 165 alumnos.
 - ii. No Grao en Intelixencia Artificial convocáronse a 61 alumnos, sendo a nota do último alumno un 9,92. Este grao foi primeira opción para 24 alumnos. A lista de agarda é de 134 alumnos.
 - iii. No Dobre Grao de ADE+EI, o número de alumnos matriculados foi de 9 e a nota de peche foi 12,04. Os 9 alumnos elixiran este dobre grao como primeira opción.
 - d. Que o número de preinscricións nos másteres foi:
 - i. No Máster en Intelixencia Artificial houbo 17 solicitudes, das cales 15 son a tempo completo e 2 a tempo parcial, e 5 solicitudes de estranxeiros. As solicitudes admitidas son de 9 persoas.
 - ii. No Máster en Enxeñaría Informática houbo 10 solicitudes a tempo completo e 5 solicitudes de estranxeiros. O número de solicitudes admitidas foi de 6 persoas.
 - e. O prazo de preinscrición no Máster en Intelixencia Artificial na Universidade de Vigo rematou o día 8 de xullo, mentres que na Universidade da Coruña e na Universidade de Santiago de Compostela remataron o día 18 de xullo.

- f. Celebráronse campamentos Maker para nenos, organizados polo Concello de Ourense.
2. Ratifícanse os horarios para as titulacións da ESEI para o curso 2022/2023.
3. Ratifícanse os Calendarios de Probas de Avaliación para as titulacións da ESEI para o curso 2022/2023.
4. Ratifícanse as guías docentes das Titulacións da ESEI correspondentes ao curso 2022/2023.
5. Elíxese a Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial.
6. Algúns docentes tiveron pouco tempo, para a corrección e revisión dos exames, entre a data dos seus exames e o peche de actas debido ao calendario da Universidade de Vigo. Por elo, para o próximo curso académico, os exames da convocatoria de xullo se realizarán en 11 días.